



# Plan Dixital



1. INTRODUCCIÓN .....	2
1.1. Datos básicos do centro .....	2
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	3
1.3. Breve xustificación do mesmo .....	4
1.4. Proceso de elaboración .....	4
2. SITUACIÓN DE PARTIDA .....	5
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	5
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO .....	6
2.3. Análise DAFO.....	8
3. PLAN DE ACCIÓN .....	11
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	11
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas .....	17
4. AVALIACIÓN DO PLAN .....	17
5. DIFUSIÓN DO PLAN .....	18

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. Datos básicos do centro

O **Centro de Educación Especial Miño** (en adiante, CEE Miño) é un centro educativo sostido con fondos públicos, o cal oferta as etapas educativas de infantil, primaria e programa formativo básico, dirixidas a aquel alumnado no que concorran necesidades educativas especiais que non poden ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios. Así mesmo, ofrece servizo de internado para aqueles alumnos/as que o necesitan, segundo as súas circunstancias persoais.

No presente curso 2021/2022, o CEE Miño ten matriculados **35 alumnos/as**, atendidos polos seguintes profesionais:

PROFESIONAL	NÚMERO
Persoal docente	22
Coidadores e auxiliares coidadores	17
Persoal de cociña e limpeza	3+5
Subalternos	2
Gobernante	1
Administrativo	1
Persoal sanitario (médico, enfermero/a, fisioterapeutas)	1+1+2
Adxunto de taller	1

Os **datos identificadores e de contacto** do centro son:

- *Nome:* Centro de Educación Especial Miño
- *Dirección:* Rúa Juan Fernández Gres 13, 32960, Santa Marta de Velle (Ourense)
- *Teléfono:* 988 23 85 50
- *Correo electrónico:* [cee.mino@edu.xunta.gal](mailto:cee.mino@edu.xunta.gal)
- *Páxina web:* <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceemino/>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEE Miño é un centro de educación especial situado nas aforas da cidade de **Ourense**, a cinco quilómetros aproximadamente do núcleo urbano. Este centro foi creado para a escolarización daqueles alumnos/as con necesidades educativas especiais en idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos, cando non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención a diversidade dos centros ordinarios, sempre co fin de prestarlles os recursos humanos e materiais máis específicos, para así poder conseguir, na medida do posible, o seu desenvolvemento persoal, rexéndonos sempre polos principios de normalización e inclusión.

Así, o **alumnado** escolarizado no CEE Miño non só é natural do concello de Ourense, senón que provén de toda a provincia, tendo diferentes niveis sociais, culturais e económicos. Tamén contamos con alumnos/as inmigrantes con diferentes culturas, idiomas ou relixións. Ademais, excepcionalmente, escolarízanse alumnos/as procedentes doutras provincias, por expreso desexo e vontade dos pais ou titores legais, e sempre avalados polos preceptivos informes positivos da Xefatura Territorial de Educación.

O centro conta cunhas **instalacións** amplas, recentemente renovadas. Nelas atopamos multitude de espazos nos que desenvolver ás actividades docentes: aulas, patios, gabinete médico, salas de fisioterapia, etc. Sen embargo, o acceso a servizos básicos, compras ou calquera actividade extraordinaria supón desprazarse sempre en medio de transporte, dada a súa localización na parroquia de Velle.

O **Proxecto educativo** do noso centro, e por conseguinte, tódolos documentos que proxectan accións no mesmo, buscan unha axeitada atención do noso alumnado, tratando de dar resposta as súas necesidades específicas: comunicativas, motoras, etc. Desde hai varios cursos, o centro impulsa os Sistemas Aumentativos y Alternativos de Comunicación (en adiante, SAAC), así como diferentes proxectos anuais arredor dos intereses e do mundo coñecido dos nosos alumnos/as, partindo de libros infantís ou conmemoracións anuais.

É por iso que o presente **Plan Dixital**, en conexión co anteriormente exposto, vai encamiñado a introducir as tecnoloxías coa finalidade de facilitar a comunicación do alumnado, aumentar a súa motivación ou enriquecer os procesos de ensino-aprendizaxe, tendo en conta a importancia da formación de profesorado para acadar estes obxectivos.

As medidas deseñadas neste Plan Dixital resultan de aplicación no vindeiro curso (curso 2022/2023) e sucesivos, polo que as **programacións** anuais farán referencia nas súas páxinas ao establecido no presente documento.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, constitúe o marco legal que ampara a introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación nos centros sostidos con fondos públicos, tales como os centros de educación especial, categoría na que se adscribe o CEE Miño. E, en concreto, o apartado 5 do citado artigo sinala que: *“Las Administraciones educativas y los equipos directivos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje.”* Así mesmo, a estratexia dixital de cada centro deberá estar recollida no Proxecto Educativo (artigo 121 da citada LO 2/2006), sendo unha das funcións da dirección exercer o liderado pedagóxico, impulsando plans para a consecución deste (artigo 132 da LO 2/2006).

No plano autonómico, a **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (Xunta de Galicia), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, cita, entre as liñas xerais a seguir, a mellora da competencia dixital do alumnado. Na Disposición adicional quinta desta resolución recóllese a obriga de que todos os centros elaboren o Plan Dixital durante o presente curso, segundo as instrucións que se diten.

As instrucións a seguir para a elaboración do Plan Dixital aparecen recollidas na **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Seguindo as referencias deste documento, baixo a supervisión dos asesores asignados, elaborouse o presente Plan Dixital.

### 1.4. Proceso de elaboración

En todo o proceso de elaboración de Plan Dixital participou o **equipo TIC**, composto por catro membros do claustro e unha coordinadora, e en permanente colaboración cos membros do **equipo Directivo**. Durante estes meses de elaboración, a **asesora dixital** asignada pola Consellería mantivo comunicación coa coordinadora TIC, quen, a súa vez, foi a encargada de informar ao **claustro** dos pasos que se ían dando. A intención foi que todos os mestres/as do centro participasen facendo as súas achegas ao proxecto. Este aspecto é de suma importancia, xa que as características especiais deste centro esixen un alto nivel de coordinación entre o profesorado, superando a organización por materias de xeito independente como noutros contextos educativos. É o caso, por exemplo, da comunicación no alumnado que non conta con linguaxe oral, un aspecto que atinxe a todos os profesionais e non só os de Audición e Linguaxe ou ao titor/a. Se o alumnado necesita recursos tecnolóxicos para mellorar a súa comunicación,

estamos ante unha ferramenta que se empregará en todas as áreas e tamén nos tempos de recreo, comedor ou internado.

PARTICIPANTES					
	Coordinadora TIC	Equipo TIC	Equipo Directivo	Claustro	Asesora Dixital
FUNCIÓN	Coordinación	Discusión e elaboración	Supervisión	Achegas funcionais	Asesoramento a través da coordinadora TIC
	Comunicación coa asesora dixital				

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A continuación, pasamos a concretar os recursos tecnolóxicos cos que conta o centro no presente curso 2021/2022, segundo o uso e a accesibilidade dos mesmos.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que cada **aula** dispón de:

- Ordenador de sobremesa
- PDI con proxector
- Conectividade WiFi
- Conexión Directivo ás impresoras do centro

Doutra banda, almacenado na **secretaría do centro** e a disposición de todo o profesorado cóntase con:

- Tablets
- Pulsadores
- Comunicadores
- Secuenciadores
- Teclados e ratos adaptados

Tamén son de **uso común** os seguintes recursos:

- Cámaras de fotografía
- Cámaras de vídeo
- Micrófonos
- USB

- Os programas GRID2 e GRID3

Por outro lado, previa solicitude a **dirección**, o profesorado dispón de:

- Micro ambiental
- Webcam
- Lector de tarxetas intelixente
- Altosfalantes portátiles
- Cámara 360º
- Lentes de realidade virtual
- Portátiles individuais

Na **biblioteca escolar** contamos ademais con unha XBOX, Kinect, Pictogram Room e Chroma.

Por último, existen **outros recursos** tecnolóxicos habilitados en espazos comúns, como son ordenadores de sobremesa (sala de descanso do profesorado, aula de psicomotricidade), PDI con proxector (aula de psicomotricidade, ximnasio), altosfalantes (no patio e no auditorio) ou tecnoloxía para a estimulación sensorial (lámpadas, colchóns, etc.).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Partindo da autoavaliación a través da ferramenta **SELFIE** (Comisión Europea), podemos extraer información relativa a diferentes áreas, a cal ofrece unha visión global da situación dixital do centro. Os resultados fíltranse igualmente por grupos, diferenciándose a avaliación dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado. Cómpre sinalar que o alumnado no noso centro non realizou a enquisa, tendo en conta as súas características e o seu grado de discapacidade.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Educación Especial
A -Liderado	Equipo	3.3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo	3.3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	3.7
	Profesorado	4.2
	Alumnado	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo	3.7
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
E- Pedagogía:	Equipo	4.3

<b>Apoio e Recursos</b>	Profesorado	4.1
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo	3.4
	Profesorado	3.4
	Alumnado	
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo	2.3
	Profesorado	2.6
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo	4
	Profesorado	2.7
	Alumnado	

Tamén resulta de utilidade recoller neste documento a información extraída do **TEST CDD**, sobre formación do profesorado. Segundo as porcentaxes obtidas nesta avaliación, cada docente obtén un nivel de competencia (de A1, o máis inicial, ata o máis avanzado, o C2). Os resultados obtidos neste curso 2021/2022 arrojan a seguinte realidade no CEE Miño:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	10	13	76,9%
<b>PROVISIONAL</b>	3	4	75%
<b>INTERINO</b>	3	4	75%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	3	33,3%
<b>DESPRAZADO</b>	0	0	0%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,5%	Integrador (B1)	76,4%	Integrador (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia



<b>PRIMARIA</b>	76,8%	Integrador (B1)	77%	Integrador (B1)
<b>F.P</b>	90,2%	Integrador (B1)	77,4%	Integrador (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	6	35,3%
<b>B1</b>	6	35,3%
<b>B2</b>	5	29,4%
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	17	100%

### 2.3. Análise DAFO

Tomando como punto de partida a información extraída do informe SELFIE, e tendo en conta tamén os resultados do test CDD, deseñouse un **cadro DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades)** para reflectir a realidade do centro no eixo dixital. O criterio para determinar que áreas debían ser consideradas debilidades e ameazas, e cales debían clasificarse como fortalezas e oportunidades, foi de tipo cuantitativo; é dicir, valorouse a puntuación numérica da autoavaliación. Tendo en conta que a práctica totalidade dos apartados superaban o 2,5 (a barreira do 50% para considerar *aprobado* o *suspense* dito ítem) tivemos que aplicar a maiores un criterio cualitativo. Aqueles apartados nos que a puntuación superaba o 3,5 valoráronse como positivos, mentres que os que non superaban esta cifra, clasificáronse negativamente; aínda que este criterio numérico, nalgúns casos, tendo en conta as características do noso centro, non se aplicou estritamente.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	1. O centro conta con infraestrutura dixital suficiente 2. O centro conta con dispositivos	1. O centro dispón de asistencia técnica limitada

		dixitais para o seu uso no proceso de ensino-aprendizaxe 3. No centro facilítase acceso a Internet	
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	1. Reflexiónase sobre as necesidades de un DPC no ámbito dixital 2. Prodúcese intercambio de experiencias dentro da comunidade educativa 3. Búscanse recursos educativos en liña e créanse recursos educativos dixitais 5. Empréganse tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro 6. Utilízanse as tecnoloxías para adaptar o ensino ao alumnado, favorecendo a motivación e a inclusión do mesmo	1. O profesorado non coñece as posibilidades de DPC no ámbito dixital 2. O profesorado non emprega contornas virtuais de aprendizaxe
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	1. O alumnado aprende a comunicarse utilizando recursos dixitais	
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		

	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>1. O centro non conta cunha estratexia dixital</p> <p>2. A estratexia dixital non se realiza implicando a todo o profesorado</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		<p>1. O profesorado percibe falta de tempo para formación e accións de DPC</p> <p>2. As visitas e programas acreditados para mellorar a competencia dixital da comunidade educativa non están suficientemente desenvolvidos</p>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		
	<b>CONTORNA</b>		<p>1. A competencia dixital das familias é moi baixa</p> <p>2. O profesorado percibe dificultades para implicar ao alumnado en actividades para desenvolver a competencia dixital</p>
	<b>ANPA</b>		

	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. O profesorado colabora con outras organizacións especializadas	

### 3. PLAN DE ACCIÓN

Unha vez recollida a información a través das diferentes ferramentas de avaliación mencionadas, e toda vez que desta información partiu a análise DAFO (verdadeira representación da situación do centro no ámbito dixital), podemos deseñar un **Plan de Acción** realista e axustado ás necesidades do CEE Miño.

Desde un primeiro momento, todos os participantes na elaboración do Plan Dixital manifestaron a vontade de deseñar **liñas de acción asumibles e que dean resposta** o día a día dun centro educativo destas características. Insistimos moito nesta idea, pero a realidade dun Centro de Educación Especial no que o grao de discapacidade media do alumnado supera o 75%, atópanse comprometidas as capacidades comunicativas ou concorren problemas graves de saúde, esixe o deseño dunhas intervencións baseadas dun profundo coñecemento dos nosos alumnos/as. Toda acción no eixo dixital no CEE Miño debe dar resposta ás necesidades especiais do alumnado, da maneira máis individualizada posible. Que o profesorado conte cunha boa formación ou que os equipos tecnolóxicos do centro estean actualizados (tanto a nivel hardware como con software específico) son obxectivos realistas e funcionais, porque mellorarían sustancialmente os procesos de ensino-aprendizaxe no centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Da análise DAFO extraemos claramente unha **conclusión**: que as necesidades do centro no ámbito dixital están relacionadas coa formación de profesorado e co mantemento dos sistemas informáticos, moi importantes nas rutinas escolares do CEE Miño. Tomar como base un DAFO sucinto que se axustaba perfectamente a especial realidade do noso centro facilitou en gran medida o deseño do Plan de Acción.

Por tanto, o proceso de deseño dun Plan de Acción partiu de **dúas necesidades** (a formación do profesorado e as infraestruturas do centro) pero tamén dunha dinámica que xa se

ven traballando desde hai varios cursos, que é a comunicación coas familias a través da páxina web. Incorporouse, polo tanto, **un terceiro obxectivo** relativo a esta canle, engadindo tamén o impulso da aula dixital, coas mesma intención de mellorar a conexión familia-escola.

As accións proxectadas son realistas na medida en que non están **condicionadas** pola presenza de profesorado interno ou provisional, nin tampouco por aspectos económicos, organizativos ou temporais. Todos eles poden acadarse sen orzamentos extraordinarios, non supoñen un volume de traballo extra incompatible coa práctica docente, nin se proxectan tan a longo prazo que quedan sen efectividade.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Áreas de mellora":						
OBXECTIVO 1 (1):	Mellorar a infraestrutura e asistencia dixital do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Equipos e infraestruturas actualizadas					
Valor de partida (3)	0 equipos e infraestruturas actualizadas					
Valor previsto e data (4)	10 equipos e infraestruturas actualizadas			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Localizar os equipos máis antigos do centro	Equipo TIC	21/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Revisar o funcionamento dos equipos máis empregados diariamente no centro	Equipo TIC	15/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Propoñer revisión e	Equipo TIC	1/06/2023			Realizada	

actualización dos equipos que o necesiten ao servizo técnico					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado que non pertence ao equipo TIC				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de sesións formativas recibidas					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 sesións sesións formativas recibidas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 sesións sesións formativas recibidas			Xuño 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		ESTADO (10)
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		
A.02.1 – Creación dun grupo de titoría entre iguais	Persoal experto en cada ferramenta (Ex: Canva, Genialy, Moviemaker)	Xuño 2024	Aula do centro Equipos informáticos			Realizada
						Aprazada
						Pendente
A.02.2 – Creación dunha canle de comunicación para	Membro concreto do equipo TIC	Xuño 2023	Listaxe de correos electrónicos do profesorado			Realizada
						Aprazada

informar da oferta formativa externa					Pendente	
A.02.3 – Localizar aqueles centros de educación especial con prácticas educativas trasladables ao noso alumnado	Membro concreto do equipo TIC II	Xuño 2024	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:						
<b>● OBXECTIVO (1):</b>	Empregar a páxina web do centro e a aula virtual como canles de comunicación e recursos				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Titores e especialistas				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de publicacións na páxina web e aula virtual					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 publicacións trimestrais por mestre					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 publicación trimestral por mestre			Xuño 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
A.03.1 – Publicación de	Claustro	Xuño 2023	Equipos informáticos e			Realizada



entradas informativas sobre o traballo diario do centro na páxina web			fotográficos		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
A.03.2 – Actualización da aula virtual (contas, paneis, etc.)	Equipo TIC + titorías	Xuño 2024	Equipos informáticos Listaxe alumnado e profesorado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
A.03.3 Creación de titoriais para que as familias accedan aos contidos	Orientación	Xuño 2024	Equipos informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta o importantes que son os recursos tecnolóxicos nas rutinas diarias do CEE Miño, unha **asistencia técnica** que garanta o bo funcionamento dos mesmos resulta indispensable. Calquera incidencia inflúe negativamente nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, por exemplo, non contar con tablets que funcionen de xeito óptimo pode supoñer que o alumnado non dispoña de comunicador (*GRID3, Let me talk...*) ou non poda realizar actividades terapéuticas motivadoras.

Doutra banda, a innovación no eido da comunicación é igualmente vital no noso centro. Os **recursos tecnolóxicos** (dispositivos, apps, software) facilitan a comunicación no alumnado que carece de linguaxe oral, polo que poder contar cos últimos avances e actualizacións neste eido resulta fundamental. En moitas ocasións, o esforzo económico non é asumible para o centro se non se dispón dunha dotación extraordinaria. A modo de exemplo, o *Surface Pro X*, o *Go Talk* e o *Tabii* serían de grande utilidade nas rutinas do centro. Doutra banda, para desenvolver **proxectos audiovisuais** de calidade e garantir a privacidade e a protección de datos, cómpre contar cunha licencia de programas de edición e montaxe, así como renovar os dispositivos máis obsoletos.

Por último, cómpre sinalar que dispor de recursos tecnolóxicos sen contar con **formación específica para o profesorado** reduce a efectividade dos mesmos. Obradoiros específicos ou intercambios de experiencias con centros pioneiros son algúns exemplos de programas formativos que mellorarían os procesos de ensino-aprendizaxe no noso centro.

## 4. AVALIACIÓN DO PLAN

Para que o presente Plan Dixital acade un grado óptimo de efectividade, cómpre deseñar unha folla de ruta para avalialo. Neste punto podemos diferenciar dous niveis de **avaliación**:

- A avaliación procesual.
- A avaliación anual

**Unha vez ao trimestre**, o coordinador TIC deberá revisar as liñas do Plan de Acción e reunirse co equipo directivo para valorar de xeito individual cada acción concretada no plan, de cara a introducir durante dito curso académico medidas de axuste ou organizativas. Así, por exemplo, se non se realizaron as revisións dos equipos máis antigos do centro (A01.1) por falta de dispoñibilidade horaria, deben introducirse axustes temporais para cumprir coa planificación ao final do curso.

**Anualmente**, todos os membros do equipo TIC reuniranse nunha sesión específica para valorar o logro de todos os obxectivos e facer achegas de mellora, que deberán ser redactadas por escrito, de cara a seren introducidas no seguinte curso.

AVALIACIÓN	REVISARASE	RESULTADO
Trimestral	O grado de execución de cada acción	Medidas de axuste e reorganización
Anual	O grado de consecución de todos os obxectivos	Achegas de mellora

## 5. DIFUSIÓN DO PLAN

Do presente Plan Dixital, de acordo coa lexislación vixente, darase conta ao **claustro** e a **consello escolar** do CEE Miño. Na **páxina web** do centro publicarase unha nota informativa dirixida á comunidade educativa, recollendo a aprobación deste novo documento de centro. Toda acción proxectada no mesmo, de utilidade para as familias, será exposta nas **titorías** e demais reunións informativas.